

Tema 28. O franquismo: características e institucionalización

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado analizará as **características esenciais do réxime franquista** así como o seu **proceso de institucionalización a través das denominadas Leis fundamentais**, ademais de explicar o **concepto de “Democracia Orgánica”**, relacionando a evolución ideolóxica e institucional experimentada polo Réxime ao longo do tempo tanto co contexto político internacional como coas transformacións sufridas pola propia sociedade española.

CARACTERÍSTICAS ESENCIAIS DO RÉXIME FRANQUISTA

A vitoria na **guerra civil** (1936-39) dos sublevados, que se proclamou o **1 de abril de 1939**, supuxo a consolidación da ditadura militar (que xa funcionara na guerra na España “nacional”) tamén coñecida como **Réxime Franquista/Franquismo**, ao asumir Franco todos os poderes. E **caracterizouse** polos seguintes **rasgos ideolóxicos**, a imitación do fascismo italiano:

1. Caudillismo: Franco, “caudillo de España”, concentra todos os poderes do Estado, poderes que lle foran concedidos polos seus compañeiros militares da **Xunta de Defensa** durante a **Guerra Civil**. A imitación doutros ditadores europeos da época (Mussolini, Duce e Hitler, Führer), recibiu o nome de Caudillo de España e foi considerado o símbolo e encarnación da vontade da nación española.

2. Militarismo: preséntase ao exército como salvador de España e garante da paz.

3. Hipercentralismo e ultranacionalismo simbolizado no lema “Una, grande y libre”. Considerada como *unha unidade de destino no universal* (idea de Falanxe) España foi a referencia á que todos os individuos e intereses debían estar sometidos. Todas as terras que formaban España constituían unha entidade única e indivisible, rexida polo principio da unidade dun poder central. Todas as institucións autonómicas creadas pola **Segunda República** foron suprimidas e calquera manifestación de particularismo, máis aló do folclore, foi perseguida.

4. Nacionalcatolicismo*: cun Estado ultracatólico plenamente alineado ca Igrexa católica. O franquismo defendeu que a vida política, social e cultural estivese sometida ás directrices da Igrexa católica. En contrapartida, a Igrexa converteuse na lexitimadora do réxime franquista. Esta unión de intereses e mutuos apoios deu orixe ao que se coñece como nacionalcatolicismo español.

A xerarquía eclesiástica católica apoiou os militares sublevados, cualificou a **Guerra Civil** de **Cruzada** contra o ateísmo marxista e xustificou a autoridade de Franco, recoñecido como *Caudillo de España pola graza de Deus*. A cambio, a Igrexa católica recibiu o recoñecemento do Estado como a única autorizada e obtivo o control sobre a moral, os costumes e a educación.

5. Nacionaisindicalismo: cun único sindicato de pertenza obrigada, controlado por Falanxe. O réxime franquista regulamentou o mundo laboral mediante a promulgación do **Foro do Traballo en 1938**, a primeira das Leis Fundamentais. Nel recollíanse aspectos sociais de mellora das condicións dos traballadores.

O ámbito sindical organizouse seguindo modelos fascistas. Declarados ilegais todos os sindicatos de clase existentes xa durante a Guerra Civil, a organización sindical completouse coa **Lei de Unidade Sindical** de 1940.

A súa longa permanencia no tempo (ata 1975, coa morte do ditador) foi posible sobre todo grazas ao **apoio** clave de **4 grupos ou “familias” da sociedade**:

1) Exército, que permitiu gañar a guerra e aplastar toda oposición na posguerra, e no que se reascendeu aos africanistas, e incorporou fascistas e requetés (carlistas). Foi un pilar básico, sempre fiel a Franco e garante da orde pública. Como vencedores da guerra, gozaron de moitos privilexios (ministerios, nomeamento de altos cargos na administración civil e nas empresas públicas e privadas).

2) Igrexa, que se encargou de lexitimar, xustificar e publicitar o réxime, a cambio de privilexios económicos, influencia política e o control total da educación e da cultura.

3) Falanxe, que converteu en partido único e ao que deu o control da vida social e laboral, cunha **Sección Femenina*** liderada pola irmá de **José Antonio, Pilar Primo de Rivera**, para educar ás mulleres como amas de casa sumisas cara os varóns e cara o réxime.

4) Grupos con benestar económico: a **oligarquía** tanto **terratene** (beneficiada polas anulacións da reforma agraria republicana) como a **financeira** e **industrial** (agradecida polo control da conflitividade laboral e receptora de beneficios económicos). As **clases acomodadas e medias urbanas conservadoras**, os **medianos e pequenos propietarios agrarios** e **parte das clases populares, urbanas e agrarias** (iso si, sempre mentres a marcha da economía os beneficiara). E tamén grazas á sumisión do resto da poboación, algo que se logrou co forte control da vida social por parte precisamente do **exército**, a **Igrexa** e **Falanxe**.

PROCESO DE INSTITUCIONALIZACIÓN DO RÉXIME

O remate da guerra non significou o inicio da paz, senón o inicio dunha vitoria aplastante. Esa vitoria escenificouse de dúas maneiras: unha aplastando todo o que cheirase a República; e dúas, instaurando no seu lugar, progresivamente, un réxime destinado a durar todo o posible.

Neste proceso de “**institucionalización**” do réxime franquista, **Franco** opúxose desde o primeiro momento a crear unha **Constitución** (como bo antiliberal) optando no seu lugar por ir aprobando leis coas que ía construindo a base legal do seu réxime. Antes xa do final da guerra, apróbanse dúas importantes leis, que son:

- **O DECRETO DE UNIFICACIÓN (1937)**, co que Franco une todos os seus apoios políticos (fascistas, alfonsinos, carlistas e católicos) nun partido único: **FET y de las JONS***.
- **A LEI DE RESPONSABILIDADES POLÍTICAS (1939)**, coa que obriga a denunciar a todo o que tivese prestado apoio ao bando republicano e legaliza todo castigo e represión contra eles.

Pero as normas de organización do **Franquismo** quedarán recollidas nas **Leis Fundamentais**, sete leis que se foron aprobando **entre 1938 e 1967**, en función das necesidades do réxime. Estas leis servían tamén para ir “maquillando” e dando aparencia democrática á ditadura, de cara sobre todo a lograr o recoñecemento e apoio do bloque occidental na **Guerra Fría**; Foise así construindo o sistema de “**Democracia Orgánica**”, como eles o autodenominaban, un sistema político en contra do parlamentarismo e os partidos políticos, pero no que os españois “poden participar” na vida política a través de tres órganos básicos: a familia (onde naces), o municipio (onde vives) e o sindicato (onde traballas). Iremos vendo cada lei en relación á evolución do país e da situación mundial.

A primeira lei das sete fundamentais que servirían de base legal do réxime, xorde xa durante a **Guerra Civil**:

I. 1938 FORO DO TRABAJO, unha lei copiada integramente do **fascismo italiano** para regular as relacións laborais entre obreiros-empresarios (descansos, vacacións...) e crear tamén o **Sindicato Vertical*** (obrigado, único e baixo o control total de **Falanxe**). Na posguerra, **Franco** reúnese con **Hitler** en **Hendaya** (1940) e se ben non chegan a un acordo, quedando España como “non belixerante” (**Franco** tiña altas pretensións, que **Hitler** rexeitou), proporcionará axuda (materiais, refuxio aos submarinos, tropas

falanzistas da “División Azul”). Pero a partir de 1942, cando comeza a intuírse xa a derrota do bando fascista na **IIGM**, **Franco** dá un xiro e comeza a intentar “maquillar” ou disfrazar o seu réxime ditatorial:

II. 1942 LEI CONSTITUTIVA DAS CORTES, coa que se crean unhas **Cortes** como órgano consultivo para asesoralo na elaboración de leis... pero que non eran elixidas democraticamente e que se limitaban a aprobar o que **Franco** lles presentaba. A lei sae no 42, pero as **Cortes** inaugúranse no 43, tras a derrota nazi en Stalingrado... Precisamente en 1945, no mesmo ano no que remata a **IIGM** e debido ás críticas mundiais, o franquismo acelera a “maquillaxe” con dúas novas leis:

III. 1945 FORO DOS ESPAÑOIS, unha aparente “**Constitución**” con dereitos e liberdades, pero en todo falsa xa que estas estaban en realidade moi limitadas por outras leis.

IV. 1945 LEI DO REFERENDO, que recoñecía o dereito a consultar a opinión dos españois as leis que se foran aprobando nas Cortes... simulando así a existencia de sufraxio. Usouse dúas veces... pero en ausencia total de liberdade de prensa e de expresión!

Un ano despois do final da **IIGM**, en 1946, a **ONU** condena publicamente o réxime franquista, illando así aínda máis a unha España á que só lle quedaba a autarquía (o autoabastecemento). A isto se une a presión de **Juan de Borbón** (fillo de **Alfonso XIII**) co seu “**Manifesto de Lausana**” chama fascista a **Franco**, e pídelle que dimita e que se restaure a monarquía na súa persoa. Para calmar aos monárquicos que puideran apoialo, **Franco** decreta unha nova lei:

V. 1947 LEI DE SUCESIÓN NA XEFATURA DO ESTADO, que define a España como un reino pero reservando a **Franco** o cargo de **Xefe de Estado**, de xeito vitalicio, así como o dereito a nomear ao seu sucesor co título de príncipe. E para darlle máis lexitimidade, convoca un referendo no que, claro está, arrasa o “sí”. **Franco** nomeará príncipe a **Juan Carlos**, fillo de **Juan de Borbón**... pero non ata 1969! Pero nos anos 50, o contexto internacional da **Guerra Fría** vólvese favorable ao réxime. A España franquista (anticomunista) empeza a ser vista con bos ollos polo **Bloque Occidental**. En 1953, os **EEUU** e **Vaticano** asinan acordos de colaboración militar/relixiosa con Franco, comezando así o recoñecemento internacional do réxime e a súa saída do illamento. En 1955 pasa a ser membro da **ONU**; cada vez tiña menos sentido parecer un réxime fascista:

VI. 1958 LEI DE PRINCIPIOS DO MOVEMENTO NACIONAL, coa que pasa a chamar así, “Movemento Nacional”, ao partido **FET y de las JONS** (coa intención de “maquillalo”), mantendo por suposto a mesma ideoloxía, que era basicamente a de **Falanxe**. Ao mesmo tempo, en cambio, retira a falanxistas de postos do goberno e pon no seu lugar, co encargo de liberalizar a economía, aos chamados “**tecnócratas**”: expertos en Dereito e economía liberal... pero todos do **Opus Dei** (ultracatólicos). Estes tecnócratas logran facer dos 60 unha década de **desarrollismo** e despegue económico, dándolle ao réxime a súa cota máxima de popularidade dentro e fóra de España, e comezando de feito a convertela en destino turístico de sol e praia para moitos europeos. Ademais, suxiren a **Franco** máis maquillaxe: que limite (minimamente) os seus poderes:

VII. 1967 LEI ORGÁNICA DO ESTADO, que permite a **Franco** nomear un **Xefe de Goberno**, para que goberne no seu lugar (farao en 1973, nomeando a **Carrero Blanco**). Así remata o proceso de institucionalización do réxime.

Nos anos 70, en cambio, o crecemento económico detívose coa crise do petróleo en 1973, e tamén o réxime volverá a recibir críticas mundiais contra varias condenas de morte. Ambos factores, unidos a unha oposición cada vez máis activa nas súas protestas, farán que en 1975, tras a morte do ditador, se aposte por un vía reformista: é dicir, por comezar a **Transición á democracia**. Este paso recolleuse nunha última lei: a **Lei de Reforma Política**, xa con **Adolfo Suárez** á fronte.

Bibliografía:

- Libro de 2º de Bacharelato de Historia de España. Editorial Baía.
- Somos Historia do profesor Miguel Abaira. [COMPOSICIONES · SÉCULO XIX E XX](http://composiciones-siglo-xix-xx.blogspot.com)
(somohistoriaconmiguelabaira.blogspot.com)